

8 de marzo

## Día Internacional da Muller

A través desta data, a Secretaría da Muller da CIG lembra e rende homenaxe ás 129 obreiras do téxtil de Nova York que perderon a vida en demanda dunha redución da xornada a 8 horas, igual salario por igual traballo e descanso dominical.

Hoxe moitos destes reclamos continúan vixentes. Para facermos deste camiño unha realidade, precisamos dun movemento social organizado, mobilizado e artellado.

É preciso incrementar a visibilidade das mulleres dos distintos sectores, de xeito que incidamos nas políticas públicas a través da negociación colectiva.

Traballamos por **incorporar a perspectiva de xénero** en materia de saúde laboral, na negociación colectiva, a través de accións positivas, elaborando plans de igualdade, formando aos delegados e delegadas.

## MULLER: PARTICIPA E LOITA

A Confederación Intersindical Galega mantén o seu compromiso de eliminar as barreiras e dificultades que fan que as mulleres non participen como delegadas sindicais.

Loitamos por eliminar os atrancos que impiden incorporar mulleres a cargos de responsabilidade dentro das empresas e en profesións masculinizadas.

As mulleres e homes da CIG comprometémonos a impulsar e defender na negociación colectiva cantas medidas favorezan o logro efectivo da igualdade de trato e oportunidades e a non discriminación por razón de sexo.

8 de marzo  
Día Internacional da Muller

# Muller

participa  
e loita



**Secretaría da muller da CIG**

Alfonso Molina, s/n 8ª (Edif. sindical) 15008 - A Coruña  
Teléfono: 981 169 293 - Fax 981 151 539  
Correo: muller@galizacig.net

CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA  
Secretaría da muller  
www.galizacig.com

# 8 de marzo

## Día Internacional da Muller

Segundo os datos reflectidos polo Consello Galego de Relacións Laborais, o número de mulleres de organizacións sindicais que participaron na **negociación** no último ano foi de 245 mentres que o número de homes foi de 882 homes, o cal supón unha porcentaxe do **22% de participación feminina**, fronte a un 78% de participación masculina.

Se atendemos aos convenios de empresa, no **Convenio de Extracción de minerais non metálicos nin enerxéticos**, no **Convenio de Industria da madeira**, ou no **Convenio de Industria doutros produtos minerais non metálicos** non houbo participación de mulleres na mesa. Tampouco a houbo no **Convenio de Actividades Informáticas**, nin no de **Actividades diversas de servizos persoais**, como tampouco a houbo no **Convenio da Construción**.

Todos estes exemplos ilustran unha realidade coa que a CIG quere rachar: **non existe unha participación equilibrada de homes e mulleres na negociación**.

*Máis aínda, se acudimos a estudos relacionados coa discriminación de xénero na negociación colectiva, atopamos as seguintes conclusións:*

- ⊗ **A presenza masculina é maioritaria nas mesas negociadoras e nas comisións mixtas paritarias.**
- ⊗ **A presenza masculina é maior na representación social que na empresarial.**
- ⊗ **A maior presenza de mulleres** representantes sindicais dáse en sectores onde o persoal feminino é maioritario ou importante, e **está ausente ou é moi escasa en sectores de man de obra tradicionalmente masculina.**
- ⊗ **Nos sectores con maior representación feminina adoita terse máis en conta no contido dos convenios a situación das traballadoras** en aspectos relacionados coa igualdade e coa discriminación de xénero no traballo asalariado tales como a introdución de terminoloxía non sexista dos convenios, cláusulas antidiscriminatorias, a figura do acoso sexual, etc.

Por todo o exposto, desde a **Secretaría Confederal da Muller da Confederación Intersindical Galega** reivindicamos este 8 de marzo o noso dereito a participar na negociación colectiva como ferramenta para **corrixir as desigualdades existentes nas condicións laborais de mulleres e homes e contribuír ao establecemento dun marco de condicións de emprego equitativo por razón de xénero**



**Muller**  
participa  
e loita